

## **Acordos da reunión da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental**

**Francisco Omil Prieto, secretario da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental, CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a citada Comisión na sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2024 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:**

**1. Aprobación, se procede, da solicitude de modificación das datas de defensa de TFM na oportunidade de febreiro de 2024.**

Recibida a petición de Adrián Ferreiro Salgado de adianto das datas de defensa de TFM para a vindeira oportunidade de febreiro de 2024 en base ás condicións de contorno que marca o novo RD 576/2023 (a admisión nos programas de doutoramento existe agora non só ter 300 ECTS senon tamén ter completado os estudos de Máster), a Comisión acorda por unanimidade:

- Considerar xustificado ese adianto, que se manterá en cursos sucesivos para que ningún estudante do Máster poida verse perxudicado (os interesados en firmar contratos de investigación coma por exemplo FPI terían que ter o título de Máster antes do 1 de marzo).
- Apróbase unha nova data de defensa (martes 27 de febreiro), manténdose a do venres 1 de marzo de 2024 (é preciso corrixir un erro, antes se indicaba como data de defensa o venres 2 de marzo, cando o correcto é venres 1 de marzo).
- A data de entrega de TFM non se modifica (22 de febreiro de 2024).
- Informarase ó alumnado e ó profesorado deste cambio e a súa xustificación.

**2. Aprobación, se procede, da aprobación do PDA para o curso 2024-25 coa solicitude de duplicación de grupos nas prácticas de laboratorio de 2 materias.**

A Comisión aproba o PDA recibido para o curso 2024-25. Presenta un escrito para remitir ó SXOPRA pedindo, o igual que nos vindeiros anos, a duplicación das horas de laboratorios (pasar de 1 grupo a 2) nas materias de Calidade de Aguas (P4013 201) e Experimentación en Enxeñaría Ambiental (P4013 106).